



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP “VELEIRO DOCAMPO”**

Avda. Terra Cha, s/n  
27260 Castro Ribeiras de Lea – LUGO  
Tfno: 982 828125 Fax: 982 828131 Móbil 689 250646  
e-mail: [ceip.veleiro.docampo@edu.xunta.es](mailto:ceip.veleiro.docampo@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipveleirodocampo>



## **CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS**

### **DOS REPRESENTANTES DOS PAIS AO CONSELLO ESCOLAR**

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, (DOG do 8 de outubro) a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS, segundo as seguintes normas:

- 1.- De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 3 pais/nais, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. (Un deles é representante directo da ANPA maioritaria)
- 2.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do día 16 de novembro.
- 3.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 19 de novembro, ás 14.00 horas. Dita mesa electoral estará composta pola persoa que ostenta a dirección do centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
- 4.- A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 23 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. Dende o 26 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

5.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola AMPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

6.- As votacións realizaranse neste centro educativo o día 27 de novembro, de 9'00 a 10'00 horas e de 14.00 a 16.30 horas. Fora deste horario non será posible realizar a votación. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9.00 horas.

7.- As papeletas e sobres de votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta electoral do centro; papeletas e sobres dos que haberá cantidade suficiente no local de votación

8.- Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos.

9.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

10.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

11.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

12.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Castro Ribeiras de Lea, 13 de novembro de 2018

A DIRECTORA E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo: P. A. Emilia Paz Pérez Álvarez